

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

EXPEDIENTE SESIÓN CONSTITUTIVA CORPORACIÓN 2023-2027

SESIÓN PLENARIA CONSTITUTIVA 7 DE XULLO DE 2023

ACTA SESIÓN CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL 2023-2027

No Salón de Sesións da Casa Consistorial da Cidade de Ribeira (A Coruña), sendo as **12.00 horas do día 7 de xullo de 2023**, en cumprimento do disposto nos **artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e o artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro**, así como do acordo adoptado pola Xunta Electoral de Zona de Noia con data 15 de xuño de 2023 e ao efecto de proceder a celebrar a constitución do nova Corporación Municipal para o período 2023-2027, á vista dos resultados das Eleccións Municipais celebradas o día **28 de maio de 2023**, para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais, reúnen os/as Sres/as. Concelleiros/as Electos/as enumerados a continuación:

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Estrella Franco Lijó
10.-Eladio Muñiz Muñiz
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furones Ramos
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abraldes Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer



A Corporación está asistida polo **Secretario Xeral** deste Concello, D. Juan Manuel Salguero del Valle, que da fe do acto, e polo **Interventor Xeral** do mesmo, D. Pablo Bao Castro

Antes de iniciar a Orde do Día, por parte do **Sr. Secretario xeral da Corporación**, dase a benvida ós/ás presentes manifestando o seguinte:

Boas días Señoras Electas e Señores Electos, Autoridades e demais público que nos acompañan.

*Como Secretario Xeral, en nome do Concello de Ribeira, douilles a todas e todos a **benvida** a este acto solemne de Constitución da Corporación Municipal 2023-2027.*

*Está presente na Sala o **Sr Interventor Xeral do Concello, D. Pablo Bao Castro**, de conformidade co previsto no art. 36.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, nos termos, co alcance e grao de aplicación desta norma no Concello de Ribeira.*

Compareceron as/os 21 electas/os a concelleiras/os tras a celebración o pasado 28 de maio das eleccións locais convocadas por Real Decreto 207/2023, do 3 de abril, polo que se convocaban eleccións locais e ás asembleas de Ceuta e Melilla (BOE nº 80, do 4 de abril)

*En consecuencia, **estamos en disposición de dar comezo á Sesión Solemne de Constitución da Corporación Municipal de Ribeira para o mandato 2023-2027.***

Para a súa debida constancia debo sinalar que:

*1º) comezamos ás **12.00 h do día 7 de xullo de 2023**, en cumprimento do **Acordo da Xunta Electoral de Zona do 15 de Xuño de 2023**,*

*2º) que celebramos o **Pleno no Salón de Sesiões da Casa do concello** e*

*3º) que ten como característica ser **presencial**.*

*Celébrase con arranxo á orde do día comunicado a todas/os as/os concelleiras/os electas/os e cuxo contido se refire exclusivamente á **Constitución da Corporación** e á **Elección de Alcalde ou Alcaldesa de Ribeira.**"*

ORDE DO DÍA:

1.-CONSTITUCIÓN MESA DE IDADE

Seguidamente polo Secretario da Corporación, una vez declarada aberta a Sesión, dáse lectura ao **artigo 195 de Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral** e, atendendo ao disposto neles, procédese a constituir a Mesa de Idade.

Artículo ciento noventa y cinco:

1.-Las Corporaciones municipales se constituyen en sesión pública el vigésimo día posterior a la celebración de las elecciones, salvo que se hubiese presentado recurso contencioso-electoral contra la proclamación de los Concejales electos, en cuyo supuesto se constituyen el cuadragésimo día posterior a las elecciones.



2.-A tal fin, se constituye una Mesa de Edad integrada por los elegidos de mayor y menor edad, presentes en el acto, actuando como Secretario el que lo sea de la Corporación.

3.-La Mesa comprueba las credenciales presentadas, o acreditaciones de la personalidad de los electos con base a las certificaciones que al Ayuntamiento hubiera remitido la Junta Electoral de Zona

4.-Realizada la operación anterior, la Mesa declarará constituida la Corporación si concurren la mayoría absoluta de los Concejales electos.

En caso contrario, se celebrara sesión dos días después, quedando constituida la Corporación cualquiera que fuere el número de Concejales presentes.

Para iso, o Sr.Secretario chama a cada Concelleiro/a electo/a, aos efectos de acreditar a súa personalidade.

A Mesa de Idade queda integrada por:

D. Ramón José Doval Sampedro (PP)	Concelleiro electo de maior idade
Dna. Antía Alberte Maneiro (BNG)	Concelleira electa de menor idade

2.-COMPROBACIÓN PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

Constituída a Mesa de Idade e logo de tomar as medidas precisas segundo dispón o **artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro**, dáse conta de que tanto a Secretaría como a Intervención puxeron a disposición dos/as Sres/as. Concelleiros/as Electos/as a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da Corporación depositados na Caixa Municipal e Entidades Bancarias, e igualmente a documentación relativa ao inventario de Bens da Corporación.

Seguidamente o **Secretario da Mesa**, procede a dar lectura de todas as credenciais, que lle foron entregadas acreditativas da personalidade dos/as Concelleiros/as electos/as, procedendo á comprobación das mesmas, e acreditando cada Concelleiro/a electo/a a súa personalidade.

A continuación, compróbase que todos/as os/as Concelleiros/as electos/as formularon as declaracións referidas no **artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local**, convidando o Presidente da Mesa de Idade aos/as Concelleiros/as electos/as a que expoñan se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevinda con posterioridade á súa declaración, sen que por parte deles haxa manifestación algunha.

Tendo en conta de que se cumpre a esixencia do **artigo 195.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e 37.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais**, e que concurren a esta Sesión a maioría absoluta de



Concelleiros/as Electos/as, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no **artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral** de prestar xuramento ou promesa.

3.-ACTO DE XURAMENTO Ou PROMESA

Tras a lectura polo Sr. Secretario do Concello do **artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral**, referido á toma de posesión dos/as Concelleiros/as Electos/as, procédese a nomear a todos/as os/as Sres/as. Concelleiros/as electos/as, a efectos de prestación do xuramento ou promesa.

“Artículo 108.8

En el momento de tomar posesión y para adquirir la plena condición de sus cargos, los candidatos electos deben jurar o prometer acatamiento a la Constitución, así como cumplimentar los demás requisitos previstos e las Leye reglamentos respectivos”.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no **Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas:**

«Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a deste Excmo. Concello, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia».

A continuación o **Sr. Secretario da Corporación** procede a nomear, por orde alfabético a cada un/a dos/as Concelleiros/as electos/as, **(en derradeiro lugar os integrantes da Mesa de Idade, dentro desta primeiro á concelleira de menor idade e logo ao concelleiro de maior idade)** lendo a fórmula persoalmente cada un deles, manifestándose da seguinte maneira:

Concelleiro electo	Partido Político	[xura/promete]
1.-Abraldes Pérez, Fernando	PBBI	Promete
2.-Alberte Maneiro, Antía	BNG (mesa de idade)	Promete (*)
3.-Barreiro Rego, Ana Isabel	PP	Xura
4.-Betanzos Fernández, Genoveva	BNG	Promete (**)
5.-Doval Sampedro, Ramón José	PP (mesa de idade)	Xura
6.-Franco Lijó, Estrella	PP	Xura



7.- Furones Ramos, Juan Luis	PBBI	Xura
8.-Mariño de Bricio, Vicente	PBBI	Xura
9.-Muñiz Muñiz, Eladio	pp	Xura
10.-Pérez Barral, Luis Antonio	BNG	Promete (***)
11.-Pérez Gómez, Carmen	PP	Xura
12.-Pérez Outeiral, Manuel Emilio	PP	Xura
13.-Pouso Maneiro, Mª Herminia	PBBI	Xura
14.-Redondo Fernández, Tania	PBBI	Promete
15.-Reiriz Bretal, Manuel Vicente	PP	Xura
16.-Reiriz Lampón, Victor	PP	Xura
17.-Rivadulla Márquez, María Cruz	BNG	Promete (****)
18.-Sampedro Fernández, María José	PP	Xura
19.-Suárez-Puerta Colomer, Francisco	PSG-PSOE	Promete
20.-Vidal Álvarez, Alejandro	PP	Xura
21.-Vidal Peón, Xabier	BNG	Promete (*****)

(*) *promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a e por imperativo legal, facelo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia e comprométese a defender os intereses xerais da veciñanza de Ribeira e do Pobo Galego*

(**) *promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a e por imperativo legal, facelo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia e comprométese a defender os intereses xerais da veciñanza de Ribeira e do Pobo Galego*

(***) *promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a e por imperativo legal, facelo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia e comprométese a defender os intereses xerais da veciñanza de Ribeira e do Pobo Galego*

(****) *promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a e por imperativo legal, facelo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia e comprométese a defender os intereses xerais da veciñanza de Ribeira e do Pobo Galego*

(*****) *promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a e por imperativo legal, facelo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia e comprométese a defender os intereses xerais da veciñanza de Ribeira e do Pobo Galego*

Logo de dar cumprimento ao disposto no **artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral**, ás **12.25 horas**, o Sr. Presidente da Mesa declara **constituído o Concello de Ribeira** tras as eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023.



4.-ELECCIÓN DO ALCALDE

Posteriormente, o **Sr. Secretario do Concello** procede á lectura do **artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral** e á elección do Alcalde-Presidente da Corporación.

Artículo 196

En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

- a) Pueden ser candidatos todos los Concejales que encabecen sus correspondientes listas.*
- b) Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo.*
- c) Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el Concejel que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.*

En los Municipios comprendidos entre 100 y 250 habitantes pueden ser candidatos a Alcalde todos los Concejales; si alguno de los candidatos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo; si ninguno obtuviese dicha mayoría será proclamado alcalde el Concejel que hubiere obtenido más votos populares en las elecciones de Concejales.

a) Proclamación de candidatos á Alcaldía

Tras iso o **Sr. Secretario da Corporación**, en nome do **Presidente da mesa de idade**, pregunta os/as Concelleiros/as que encabezan as listas, se manteñen a súa candidatura a Alcalde ou a retiran, presentándose e proclamándose as seguintes (previa **renuncia expresa** do **Sr. Mariño de Bricio, cabeza de lista do partido político PBBI** e o **Sr. Suárez-Puerta Colomer, cabeza de lista do partido político Ps de G-Psoe**):

María José Sampedro Fernández	PP
Luis Antonio Pérez Barral	BNG

b) Elección do sistema de votación

Tras a proclamación de candidatos, o **Sr. Secretario Xeral da Corporación**, en nome do **Sr. Presidente da mesa de idade**, convida aos/as Concelleiros/as electos/as a **elixir o sistema de votación** (artigo 101 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro) para elixir o/a Alcalde/sa.



Resulta elixido por **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación (11 votos a favor: 5 BNG, 5 PBBI, 1 Psde G-Psoe; 10 votos en contra: PP) o sistema de **votación ordinaria**.

c)Votación

Procédese a continuación á votación ordinaria polos/as Sres/as. Concelleiros/as e rematada a mesma, ao escrutinio dos votos emitidos que son lidos en voz alta polo Presidente da Mesa de Idade, co seguinte resultado:

VOTOS EMITIDOS:	21
VOTOS VÁLIDOS:	21
VOTOS EN BRANCO:	0
VOTOS NULOS:	0

Distribuíndose os votos do seguinte xeito:

Candidato	Partido Político	Núm. de votos
María José Sampedro Fernández	PP	10
Luis Antonio Pérez Barral	BNG	11

En consecuencia e á vista do resultado da votación, ao ser o número de Concelleiros/as da Corporación de 21 membros e a **maioría absoluta de 11**, o Presidente da mesa de idade procede ás **12.35 horas** a proclamar Alcalde-Presidente da Corporación a **D. Luis Antonio Pérez Barral** candidato cabeza de lista do partido político do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, que obtivo a **maioría absoluta dos votos do Pleno da Corporación**.

Seguidamente agradecendo a súa relevante intervención institucional o Sr .Secretario solicita aos concelleiros membros da Mesa de Idade que ocupen novamente o seu escano e **interesa do concelleiro elixido Alcalde D. Luís Antonio Pérez Barral** que acceda a este estrado coa fin de aceptar o cargo, prestar **XURAMENTO OU PROMESA** e tomar posesión do mesmo de conformidade co previsto no subepígrafe quinto da orde do día, formulándolle a seguinte pregunta

“**D. LUÍS ANTONIO PEREZ BARRAL**, acepta o cargo de Alcalde do Concello de Ribeira, ante o que resposta **SI, ACEPTO**”

A continuación o Sr. secretario convidalle a que proceda a formular o xuramento ou promesa nos seguintes termos:



«Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde-Presidente deste Excmo. Concello de RIBEIRA, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como ou Estatuto de Autonomía de Galicia».

O Sr. **alcalde-presidente** electo toma posesión nos seguintes termos:

“Prometo pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE-PRESIDENTE do CONCELLO DE RIBEIRA e, por imperativo legal, facelo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia e comprométese a defender os intereses xerais da veciñanza de Ribeira e do Pobo Galego”

O Sr. secretario pon de manifesto que o Pleno do Concello de Ribeira, nesta sesión solemne acaba de recibir a toma de posesión que vostede prestou e en consecuencia e á vista do actuado declaro e así constará que **D. LUÍS ANTONIO PEREZ BARRAL** deu cumprimento a todos e cada un dos trámites legalmente preceptivos, quedando oficialmente proclamado Alcalde do Concello de Ribeira.

A continuación e en proba diso fáiselle entrega do bastón de mando da Cidade de Ribeira, podendo en consecuencia ocupar a cadeira de brazos presidencial que oficialmente lle corresponde como Alcalde.

Antes de rematar o acto o Sr. **Alcalde-Presidente**, dirixe unhas palabras de agradecemento, aos/as señores/as Concelleiros/as e ó publico asistente do seguinte tenor literal:

“Membros da Corporación Municipal, representantes das entidades que hoxe estades presentes, familia persoal e política, veciños e veciñas...

Hoxe, é unha honra poder dirixirme a toda a cidadanía neste momento no que comezamos un tempo novo na historia de Ribeira. Constitúe para min un verdadeiro exercicio de responsabilidade encabezar un goberno baseado nunha maioría ampla que garante estabilidade institucional do noso Concello. Quero, neste sentido, poñer en valor a xenerosidade amosada por todos os grupos, especialmente polo PBBi e PSOE, que foron capaces de superar o que nos diferencia e reforzar o que nos une para abrir unha nova etapa no municipio. Moitas grazas de corazón, sei que seremos un goberno eficaz e que velará polos intereses da poboación ribeirense.

Non quero esquecer tampouco neste agradecemento, a toda a veciñanza que depositou a súa confianza en nós porque, sen ela, sen vós, nada disto tería sido posible.

Permitídemme tamén que faga un agradecemento ás persoas que me acompañaron até aquí, a meus pais, a miña parella, ás amizades e compañeiros de partido. Grazas por ese apoio incondicional que sempre me brindastes.

Quero tamén agradecer o traballo feito por todas as persoas que xa non están e que tantas horas da súa vida dedicaron para facer unha Ribeira diferente, empoderada e orgullosa de si, para todas elas vai o meu recordo e a miña gratitude.

A política é a ferramenta coa que nos dotamos para construír un mundo mellor. Neste caso apolítica municipal supón un reto apaixonante cunha alta esixencia. Esixe estar ao día, esixe esforzo e dedicación, esixe escoitar e cumprir coas demandas veciñais ao tempo que se toman decisións coas que mellorar a calidade de vida da poboación.



A política que faremos será a de man tendida, a do diálogo e ada participación social. Quen me coñece sabe que son unha persoa disposta a falar con todo o mundo para chegar a entendementos que garantan un maior benestar para a poboación ribeirense, e así seguirei facendo dende a Alcaldía.

Este será un goberno de portas abertas, un goberno no que Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, Oleiros, Olveira, Palmeira e Ribeira, así como todos os seus lugares e barrios, van estar sempre presentes en todas e cada unha das áreas de goberno como partes dun todo que ten un inmenso potencial.

Dicia Castelao que “o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os desexos en realidades, as ideas en feitos” e nesta primeira intervención como alcalde, quero comprometerme coa veciñanza a impulsar unha acción de goberno que desenvolva todo o potencial do noso concello.

Unha boa mostra dese potencial foron as iniciativas punteiras como a que representou a dos talleres Nervión, mais tamén para poñer en valor a actual industria conserveira e de transformación, o sector pesqueiro, a lonxa e o sector dos servizos en xeral. Polo tanto, a combinación da situación do noso concello nunha contorna privilexiada, cunha veciñanza traballadora e con vontade para construír un futuro xuntos, é fundamental para desenvolver ese potencial, e nesa tarefa contade con nós, nunha Ribeira que mira ao mar como fonte de recursos, de vida e de inspiración.

O goberno que hoxe asume as rendas do Concello de Ribeira terá como principal obxectivo traballar coa vocación de solucionar os problemas existentes. Será preciso ser áxiles e eficaces na xestión, por iso nos comprometemos a tomar as medidas necesarias que permitan contar cunha administración eficiente e realizar accións que garantan un bo trato ao cidadán desde a Administración Pública Local.

Asumimos o grande compromiso de contar cunha Ribeira ben coidada, verde e sostible, porque será unha prioridade reforzar o mantemento e a limpeza de parques infantís, paseos e mobiliario urbano. Unha Ribeira máis verde, con árbores nas rúas, que loite contra o cambio climático e que inicie ese proceso de transformación urbana co que eliminar as barreiras arquitectónicas, convertendo o noso municipio nun espazo integrador no que as persoas estean no centro da acción de goberno.

Co impulso deste novo goberno, Ribeira avanzará tamén no ámbito económico mediante a materialización do polígono industrial, vital para asentar empresas pero tamén mediante a dinamización das rúas para darlle vida aos barrios e apoiando ao comercio e hostalaría.

Unha Ribeira con máis cotas de benestar social, promovendo a conciliación familiar e laboral e garantindo os bos coidados para as persoas maiores, ás que tanto e tanto lles debemos. Facilitando tamén que a mocidade deste concello poida construír o seu proxecto de vida e de traballo aquí e non teña que marchar.

Nesta nova etapa remataremos con proxectos comezados pero tamén iniciaremos outros, como esa necesaria sede dos deportes náuticos nunha aposta por converter Ribeira nun referente nesas disciplinas. Neste sentido, quero destacar o noso compromiso co deporte, cos nosos clubs deportivos cos que queremos fomentar o traballo desde a base para animar a ter unha vida máis saudable.

O noso compromiso coa igualdade entre homes e mulleres mais tamén coa diversidade para aquelas persoas que pertencemos a algunha minoría. Desde o Concello de Ribeira apostarase polo respecto cara ós demais, construíndo unha sociedade xusta e tolerante evitando todo tipo de discriminacións.



Desde o goberno municipal acompañaremos a todas as entidades e asociacións sociais, deportivas, culturais e veciñais, na realización dos seus eventos e actividades porque sodes o soporte esencial co que facer un concello vivo e dinámico.

Como alcalde de Ribeira, reitero hoxe aquí a promesa de seguir acompañando á veciñanza loitadora, que non baixou os brazos para defender os servizos públicos esenciais como a Educación ou a Sanidade públicas. Teredes neste goberno de Ribeira un fiel aliado.

Por último, reafirmamos o noso compromiso coa cultura, lingua e a educación, para garantir unha oferta variada que apoie o talento local de todas a veciñas e veciños que se dedican á arte en tódalas súas formas e expresións.

Son consciente de que temos depositadas moitas esperanzas e moitas ilusións neste novo tempo na historia do noso concello, e por iso comprométome a desempeñar o cargo de alcalde de Ribeira con humildade, con honradez e coa entrega necesaria, sendosempre firme na defensa dos intereses do noso concello. Veciños e veciñas, hoxe ante vostedes, prometo dar o mellor de min para estar á altura de tan alta responsabilidade.

Porque temos un futuro por ganar.

Por unha nova Ribeira.”

Rematada a súa primeira intervención oficial o **Sr. Alcalde-Presidente** levanta a Sesión sendo as 12.45 horas do día da data, do cal como Secretario Xeral dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Asdo.Luís Antonio Pérez Barral

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

